

**ACORDO do 30 de agosto de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto do parque eólico Alto Torreiro, nos concellos de Cabana de Bergantiños e Coristanco (A Coruña) (expediente IN408A 2020/115), DOG Núm. 171, de 8 de setembro de 2022. **Prazo para alegacións ata: 24/10/2022.****

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220908/AnuncioV0653-300822-0011\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220908/AnuncioV0653-300822-0011_gl.html)

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion>

NOME DO PROXECTO	PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS
parque eólico Alto Torreiro (IN408A/2020/115)	EDP Renovables, S.L.U. CIF B91115196	Cabana de Bergantiños e Coristanco (A Coruña)	<ul style="list-style-type: none"> <li>– 3 aeroxeradores Siemens-Gamesa, modelo SG 6.0-155 (ou similar) de 6.000 kW de potencia unitaria e 1 aeroxerador Siemens-Gamesa, modelo G-114 (ou similar) de 2.625 kW, polo que a potencia total da instalación é de 20,625 MW. Os 3 aeroxeradores SG 6.0-155 que se instalarán teñen un rotor de 155 m de diámetro e van montados sobre torres tubulares cónicas de 122,5 m de altura. O aeroxerador SG 114 ten un rotor de 114 metros e vai montado igualmente sobre unha torre tubular cónica de 125 metros.</li> <li>– 3 centros de transformación, un dentro de cada aeroxerador, para ATR01, ATR02, ATR04 Siemens-Gamesa SG 6.0-155, serán do tipo seco e illados mediante resina epoxi, de potencia unitaria 6.500 kVA e relación de transformación 0,69/30 kV, e 1 centro de transformación, dentro do aeroxerador ATR03 114/125/G114-2.625 MW, será do tipo seco e illado mediante resina epoxi, de potencia unitaria 3.000 kVA e relación de transformación 0,69/30 kV. Serán trifásicos de servizo continuo e totalmente homologados pola compañía subministradora eléctrica.</li> <li>– Rede eléctrica soterrada de 30 kV, de interconexión entre os centros de transformación dos aeroxeradores e a subestación transformadora Bustelo e Baralláns (IN408A 2020/61) 30/220 kV, composta por dous circuitos de condutores tipo AL_RHZ1-OL-18/30 kV de seccións 150, 400 mm<sup>2</sup> de aluminio. O material de illamento será XLPE.</li> <li>– Rede de terras de modo que as instalacións electromecánicas formen un conxunto equipotencial, complementarase mediante condutor de Cu nu de 50 mm<sup>2</sup>, que se instalará en canalización conxunta cos cables de potencia e comunicacións, interconectando todos os aeroxeradores entre si, e que estará unido, así mesmo, á rede terras da subestación. Este condutor, instalado no fondo da escavación, en contacto directo co terreo, actuará como eléctrodo horizontal. A posta á terra do aeroxerador realizarase completamente mediante cable de cobre nu de 95 mm<sup>2</sup> de sección.</li> <li>– Rede de comunicacións e transmisión de datos constituída por fibra óptica monomodo de 12 fibras.</li> </ul>

			<ul style="list-style-type: none"><li>– Unha torre meteorolóxica de 122,5 m.</li><li>– Na subestación Bustelo e Baralláns 30/220 kV (IN408A 2020/61, obxecto doutro expediente, en estado de tramitación) instalaranse dúas celas de media tensión, con envolvente mecánica, para instalación interior, agrupadas nun embarrado para recibir os circuitos de 30 kV do parque eólico Alto Torreiro, coa seguinte configuración:<ul style="list-style-type: none"><li>• 2 celas de liña, que incorporarán 1 seccionador tripolar de posta á terra, 1 interruptor automático, 3 transformadores de intensidade.</li><li>• 1 cela de batería de condensadores, que incorporará 1 seccionador tripolar de posta á terra, 1 interruptor automático, 3 transformadores de intensidade.</li></ul></li><li>– A evacuación da enerxía xerada no PE Alto Torreiro realizarase de forma conxunta con outros parques. Na subestación Bustelo e Baralláns 30/220 kV (IN408A 2020/61, obxecto doutro expediente, en estado de tramitación) elevarase a tensión a 220 kV, e desde esta será evacuada a través dunha liña de alta tensión ata conectar nunha posición de liña coa subestación Meirama 220 kV; ambas non son obxecto do presente proxecto.</li></ul>
--	--	--	--

**Obxecto da información pública:**

A solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto sectorial das instalacións.

**Documentación que se expón:**

1. O proxecto de execución (xullo 2021-visado 11.8.2022).
2. O estudo de impacto ambiental (EIA) (decembro 2021-asinado 29.4.2022).
3. O proxecto de interese autonómico (PIA) (decembro 2021-asinado 4.5.2022).